

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 17 de SETEMBRO de 2004**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 17 de setembro de 2004, ás DEZA OITO HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/04, do 30 de xullo.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.400 deica a 13.599, de 2004.
- 3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data das sesións plenarias ordinarias.
- 4.-Proposición da Presidencia sobre a provisión do posto de interventor xeral.
- 5.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo de deputado provincial do Sr. Santiso Miramontes.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

- 6.-Aprobación da Conta Xeral do Presuposto correspondente ao exercicio 2003.
- 7.-Ampliación de delegación de competencias en materia tributaria polos Concellos de Laxe e Vimianzo. 7º grupo.
- 8.-Ampliación de delegación de competencias en materia tributaria polos Concellos de Valdoviño e Boqueixón. 8º grupo.

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

- 9.-Aprobación de convalidación de actuacións de obras e servizos incorporados no Plan XXI de fomento do turismo da natureza.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

- 10.-Aprobación do POL adicional 1/2004 por aplicación das baixas de licitación do plan base.
- 11.-Aprobación do Programa de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano 2004.

12.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Restauración da vivenda anexa ao centro cultural A Fábrica” do Concello de Oleiros, incluída no POS 2002. Código 02.2100.0234.0.

13.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación de rúas en Cerceda” do Concello de Cerceda, incluída no POS 2003. Código 03.2100.0117.0.

14.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Colector de residuais entre Maciñeira e Mourela Baixa” do Concello de Neda, incluída no POS 2003. Código 03.2100.0224.0

15.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación da estrada aeroporto-Loureda” do Concello de Boqueixón, incluída, no POS 2004. Código 04.2100.0054.0

16.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Saneamento A Pena-Carballo-Lamelas” do Concello de Cabanas, incluída no POS 2004. Código 04.2100.0063.0

17.-Corrección de erros do acordo de aprobación do proxecto reformado da obra “Construción de beirarrúas e dotación de servizos en Fiobre” do Concello de Bergondo incluída no POS 2003. Código 03.2100.0042.0

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

18.-Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras incluídas na 1ª relación da anualidade 2004 do programa de actuación na rede de estradas provinciais 2002/2005.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asisten os Sres. Santiso Miramontes e Rodríguez Rodríguez.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor en funcións, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás dezaioito horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/04, DO 30 DE XULLO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/04, do 30 de xullo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 11.400 DEICA A 13.599, DE 2004.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.400 deica a 13.599, de 2004.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día, e apróbase tamén por unanimidade.

ACORDO

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordenando que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e, por outro lado, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), que lle atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

En sesión plenaria do 3 de decembro de 2003 acordouse a celebración das sesións ordinarias do Pleno os últimos venres de mes ás dezasete horas, e na sesión do 19 de decembro de 2003 os últimos venres de mes ás dezaioito horas, pero agora estímase máis conveniente o cambio desas datas de acordo cos voceiros dos grupos provinciais.

Polo tanto, PROPÓNSELLE AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día conforme aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.- As sesións ordinarias do Pleno da Deputación provincial celebraranse con periodicidade mensual, o último xoves de cada mes, ás doce horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrarase o inmediatamente anterior hábil, ás doce horas.”

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A PROVISIÓN DO POSTO DE INTERVENTOR XERAL.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día, e apróbase tamén por unanimidade.

“Observada a contradición entre as Bases sétima e oitava da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia do 14 de abril de 2004 (DOG. núm. 78 do 23 de abril de 2004) e as Bases sétima e oitava da Resolución do 25 de maio de 2004 da Dirección Xeral de Cooperación Local (BOE núm. 144, do 15 de xuño de 2004), pola que a convocatoria autonómica lle atribúe ao Pleno a resolución do concurso ordinario que convoca, e a convocatoria estatal lle atribúe esa mesma competencia ao presidente;

Co fin de evitar inútiles dúbidas interpretativas e unha vez ditada Resolución desta Presidencia resolvendo o concurso PROPÓNSELLE AO PLENO, despois da ratificación previa de inclusión na orde do día conforme aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Ratificar a Resolución da Presidencia sobre concurso ordinario para a provisión da praza de interventor con data do 14 de setembro de 2004, cuxo teor literal é o seguinte:

Don SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

En relación coa provisión do posto de interventor desta deputación, e para dar cumprimento á Base oitava do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter

nacional, aprobada por Resolución do 25 de maio de 2004 da Dirección Xeral de Cooperación Local (BOE núm. 144, do 15 de xuño de 2004) e Base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia do 14 de abril de 2004 (DOG. núm. 78 do 23 de abril de 2004):

RESULTANDO:

Primeiro.- Que se encontra vacante o posto de INTERVENTOR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, reservado a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Segundo.- Que a Corporación aprobou as bases específicas para a Convocatoria por concurso ordinario da mencionada praza, e a composición do Tribunal de Valoración dos méritos con data do 30 de xaneiro de 2004.

Terceiro.- Que por Resolución da Presidencia da deputación do 6 de febreiro de 2004 se convocou concurso ordinario para a provisión da praza de interventor, a cal foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 78 do 23 de abril de 2004, e no BOE. núm. 144 do 15 de xuño de 2004.

Cuarto.- Que o Tribunal designado valorou os méritos dos candidatos na sesión do 13 de setembro de 2004, aprobando a relación de candidatos e elevando ao presidente e ao Pleno a proposta de resolución do concurso, comprensiva de todos os concursantes sen excluír a ningún. A puntuación final e ordenada de maior a menor dos concursantes resultou ser a seguinte:

1º.- Pardellas Rivera, José Manuel:	25,32 puntos
2º.-Calvo del Castillo, Vicente José:	22,41 puntos

Visto o disposto no artigo 99 da Lei 7/1985, do 2 de abril; vistos así mesmo: o Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, modificado polo Real Decreto 834/2003, do 27 de xuño; orde do 10 de agosto de 1994 pola que se ditan normas sobre concursos de provisión de postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional; Resolución da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia do 14 de abril de 2004 (DOG. núm. 78 do 23 de abril de 2004) e Resolución do 25 de maio de 2004 da Dirección Xeral de Cooperación Local (BOE núm. 144, do 15 de xuño de 2004), polas que se dá publicidade ás convocatorias e bases de concurso ordinario para a provisión de postos de traballo reservados:

CONSIDERANDO:

Primeiro.- Que se cumpriron substancialmente as normas regulamentarias aplicábeis ao caso e as bases da convocatoria.

Segundo.- Que quedou acreditada en esencia, conforme ao dito máis arriba, a observancia do procedemento debido.

Polo exposto, RESOLVO:

1º RESOLVER o concurso ordinario para a provisión do posto de INTERVENTOR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e en consecuencia propor o nomeamento para o posto a D. JOSE MANUEL PARDELLAS RIVERA, concursante de maior puntuación e aprobar, en todo caso, a seguinte orde de preferencia dos concursantes para a adxudicación do posto, de acordo coa proposta formulada polo Tribunal de Valoración:

1º.-PARDELLAS RIVERA, JOSÉ MANUEL
2º.-Calvo del Castillo, Vicente José

2º.-REMITIRLLE esta Resolución á Dirección Xeral de Cooperación Local para os efectos da coordinación do concurso, adxudicación final de postos, formalización de nomeamentos e publicación destes.”

5.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL DO SR. SANTISO MIRAMONTES.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día, e apróbase tamén por unanimidade.

“Presentada por escrito a renuncia ao seu cargo de deputado polo deputado provincial don José Antonio Santiso Miramontes, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, conforme ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento orgánico desta deputación e 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;

Polo tanto, PROPÓNSELLE AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión no orde do día conforme aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don José Antonio Santiso Miramontes.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Pór en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/85, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”

Sr. presidente

A min gustaríame facer unha intervención en nome de todos, para felicitar ao Sr. Santiso Miramontes polo seu nomeamento como Conselleiro de Agricultura da Xunta de Galicia e desexarlle éxitos na súa xestión, eu penso que cando un gobernante acerta é bo para todos, e cando fracasa é malo para todos. Polo tanto, o desexo, de que conste en acta, a expresión de desexo do Pleno da Deputación de éxito na súa xestión e da felicitación polo seu nomeamento.

6.-APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO PRESUPOSTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2003.

INTERVENCIÓNS

Sr. Torres Colomer

Simplemente para que vostede organice o debate como mellor crea conveniente, dicir que desde o punto nº 6 até o 18, ambos os dous inclusive, o Grupo Popular desta cámara vai votar a favor de todos eles. E tamén, como non, aproveitar, como ben dicía vostede, para felicitar ao Sr. Santiso Miramontes polo seu nomeamento de Conselleiro de Agricultura, e felicitar tamén ao Sr. interventor xeral, ao Sr. Pardellas, polo seu nomeamento oficial. Nada máis e moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.-Aprobar a Conta Xeral da Excma. Deputación Provincial correspondente ao exercicio económico de 2003, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen que se presentaran reparos ou observacións á devandita.

2º.- Renderlle ao Consello de Contas a dita conta unha vez aprobada definitivamente.”

7.-AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLOS CONCELLOS DE LAXE E VIMIANZO. 7º GRUPO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polos Concellos de Laxe e Vimianzo en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, incluíndo a colaboración previa co concello para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

8.-AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLOS CONCELLOS DE VALDOVIÑO E BOQUEIXÓN. 8º GRUPO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polos Concellos de Boqueixón e Valdoviño en relación coas seguintes materias:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa por recollida do lixo. (Concello de Boqueixón).
- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. (Concello de Valdoviño)

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei

reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

9.-APROBACION DE CONVALIDACIÓN DE ACTUACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS INCORPORADOS NO PLAN XXI DE FOMENTO DO TURISMO DA NATUREZA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º,- Convalidar a situación dos expedientes e aboar aos concellos que a continuación se relacionan o importe certificado das obras correspondentes ao Plan XXI para o fomento de turismo da natureza, xa que examinada a documentación presentada esta atópase correcta, o financiamento das obras relacionadas que ascenden a un total de 433.320,65 euros, será financiado con cargo á partida 0305/751.A/762.99 .

CONCELLO	DENOM. OBRA	IMP. PROXECTO	ACHEGA CONC.	ADXUD.	XUSTIF.	PEND. XUSTIFICAR	PENDENTE ACHEGA DEPUTACIÓN	Observacións
Oleiros	01.4300.0089.0 Punt. Inf. Turis	74.562,76		69.644,37		69.644,37	69.644,37	
Culleredo	01.4300.0100.0 Ad. P. At. Ig. To	124.292,83	86.292,42	120.000,00	88.121,84	31.878,16	9.746,20	
A Laracha	01.4300.0114.0 Mell. Ac. Ig Coiro 1ª F. 01.4300.0115.0 Mell Acc Ig Monte Maior	44.953,48 22.550,62		44.953,48 22.550,62		44.953,48 22.550,62	44.953,48 22.550,62	
Cedeira	02.4300.0034.0 Dot. serv. A R. Toxo	41.317,92		40.801,45	27.407,59	13.393,86	13.393,86	
Cee	02.4300.0035.0 Realiz. Video P. Turística	7.800,00		7.800,00		7.800,00	7.800,00	
Moeche	02.4300.0079.0 Recup. Carb. S. Ramón	29.875,86		29.875,86	28.238,16	1.637,70	1.637,70	
Muxía	02.4300.0083.0 50 Dis Suxeit Colectores	8.413,48		8.413,48		8.413,48	8.413,48	
Oleiros	02.4300.0092.0 Pav. Rúas Ac. P. Sta. Cristina 02.4300.0093.0 Cons Ruínas Pq Cap. Montrove	61.432,02 42.232,67		43.530,73 42.000,00		43.530,73 42.000,00	43.530,73 42.000,00	
Paderne	02.4300.0102.0 1ª F Acc Sta Mª Souto	48.370,19		48.370,19	12.761,93	35.608,26	35.608,26	
Rois	02.4300.0113.0 Const. Pq. Inf. Sisto	41.838,40		41.838,40		41.838,40	41.838,40	
Val do Dubra	02.4300.0123.0 Area R. Erviñou	29.646,01		29.646,01	24.789,59	4.856,42	4.856,42	
Aranga	02.4300.0170.0 A. R. Ponte Aranga 02.4300.0171.0 Zonas N. e Ocio	18.091,96 8.108,00	1,21	18.091,96 8.108,00		18.091,96 8.108,00	18.091,96 8.106,79	
Teo	02.4300.0189.0 Acc. En Xirimbao	37.317,41		37.217,00		37.217,00	37.217,00	
Ordes	02.4300.0197.0	52.179,01		52.179,01		52.179,01	23.931,38	1ª

	Prox. Acc. R. Cabron							Certificación 23.931,38 €
TOTAL							433.320,65	

2º. - Conceder un prazo máximo até o 10 de decembro de 2004 aos concellos que a continuación se relacionan para xustificar ou corrixir a documentación presentada:

	DENOM. OBRA	IMP. PROXECTO	ACHEGA CONCELLO	ADXUD.	XUSTIF.	PEND. XUSTIFICAR	PENDENTE ACHEGA DEPUTACIÓN	Observacións
Carnota	01.4300.0071.0 Prox. Se/cast Mallou	22.882,08					22.882,08	Pendente documentación
Cerceda	02.4300.0041.0 Prox. C. Xogo Golf	8.279,56		7.658,59		7.658,59	7.658,59	Pendente corrixir documentación
	02.4300.0044.0 Rutas de Sendeir.	3.367,24		3.327,24		3.327,24	3.327,24	
Culleredo	02.4300.0053.0 Ac. Erm. S. Cosme	81.990,54	29.633,86	76.989,12	42.403,93	34.585,19	22.085,05	Pendente documentación proxecto modificado
Fisterra	02.4300.0064.0 Adq. Sum Praia Lang. S. Roque	6.813,84	1.447,89				5.365,95	Pendente documentación
Malpica de Bergantiños	02.4300.0069.0 Sin. rutas e praia	24.415,46		24.415,46		24.415,46	24.415,46	Pendente remitir certificación
Neda	02.4300.0089.0 Mell. R. Beelle Sta. Mariña	41.623,39		41.623,39		41.623,39	41.623,39	Pendente documentación
Noia	02.4300.0178.0 Mat. Urb. C. Hist.	24.362,08	7,67	24.362,08		24.362,08	24.354,41	Pendente corrixir documentación
	02.4300.0179.0 E. Dolm Cova M	17.951,00		17.951,00		17.951,00	17.951,00	
	02.4300.0180.0 P.V. Mur. Noia	23.307,00		23.307,00		23.307,00	23.307,00	
	02.4300.0503.0 F. Exp-Portugal	1.293,92		1.293,92		1.293,92	1.293,92	
Tordoia	02.4300.0182.0 Sin. Turis Municipio 2ª fase	20.650,00					20.650,00	Documentación en trámite
Valdoviño	02.4300.0185.0 Urb. Ac Viv. 2ª fase	81.444,30		70.921,30	36.351,05	34.570,25	34.570,25	Pendente de documentación
Carnota	02.4300.0192.0 Recup. Est. Gra Rup. Carnota	9.009,33					9.009,33	Pendente documentación
Ordes	02.4300.0197.0 Prox. acc. R. Cabron	52.179,01		52.179,01		52.179,01	28.247,63	Pendente remisión documentación
	02.4300.0198.0 Reh. Muíño da S.	9.622,26		9.622,26		9.622,26	9.622,26	
TOTAL							296.363,56	

3º.- Maiorar o financiamento correspondente á obra 02.4300.0185.0 Urb. Ac. Viv. 2ª Fase, do Concello de Valdoviño, por importe de 10.523,- euros, con cargo á partida 0305/751.A/762.99, importe que supón a reabsorción da baixa de adxudicación, co fin de aprobar o proxecto modificado.

4º.- Anular o importe concedido aos concellos que se relacionan por non ter presentado documentación ningunha sobre as obras pendentes de aprobar:

	DENOM. OBRA	IMP. PROXECTO	ACHEGA CONCELLO	ADXUD.	XUSTIF.	PEND. XUSTIFICAR	PENDENTE ACHEGA DEPUTACIÓN	Observacións
A Pobra do Caramiñal	01.4300.0141.0 Per Loca M. Video	6.010,11					6.010,11	
Ribeira	01.4300.0150.0 Video F. Dixital	6.009,96					6.009,96	
Rianxo	01.4300.0504.0 Video P. Tur. Barbanza	6.010,12					6.010,12	
Boqueixón	02.4300.0015.0 Mell. acc. A. ocio en Forte	28.578,45		28.578,45	27.731,30	847,15	847,15	
Coristanco	02.4300.052.0 Acd. P. e pz varias parroq.	64.297,90		55.296,00	40.457,40	14.838,60	14.838,60	
Carral	02.4300.0173.0 Reh. Hidr. Rio Abelleira	25.319,30					25.319,30	
TOTAL							59.035,24	

5º.- Dispor a exposición pública dos proxectos e documentación integrante no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP. para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentarse ningunha.

6º.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de cooperación Local para os efectos establecidos nos artº. 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de admón. local de Galicia.

7º.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do acordo”.

10.-APROBACIÓN DO POL ADICIONAL 1/2004 POR APLICACIÓN DAS BAIXAS DE LICITACIÓN DO PLAN BASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Vistas as baixas de licitación producidas nas 24 obras anuais novas incluídas na anualidade 2004 do POL-2000-2006, que foi aprobada por acordo plenario do 27 de febreiro de 2004, onde as medidas e distribución interna do seu financiamento foron modificadas por acordo plenario do 28 de maio de 2004

Visto o importe dispoñíbel non utilizado na elaboración do POL 2004 base, por importe de 32.049,97 €, en relación coa cantidade asignada anualmente a esta provincia para a elaboración do POL 2000-2006.

Visto o Plan complementario aprobado conxuntamente co Plan base 2004 no mesmo acordo plenario do 27 de febreiro de 2004

1.- Aprobar o adicional nº 1 á anualidade 2004 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos do Estado, FEDER, deputación e concellos, por aplicación dos remanentes producidos nas baixas de licitación das 24 obras novas incluídas no POL base 2004, así como por aplicación do dispoñíbel non utilizado na elaboración do POL 2004 base en relación co importe asignado a esta provincia para cada anualidade.

As cifras globais de financiamento, detalladas por anualidades e axentes financiadores son as seguintes:

	ANUALIDADE 2004	ANUALIDADE 2005	TOTAL
ESTADO (MAP + FEDER MAP)	174.477,37	133.022,55	307.499,92
FEDER	891.983,45	680.052,16	1.572.035,61
DEPUTACIÓN	296.531,71	226.078,44	522.610,15
DEPUTACIÓN-CONCELLO	71.736,45	54.692,28	126.428,73
TOTAL	1.434.728,98	1.093.845,43	2.528.574,41

A deputación financiará as cantidades que lle correspondan aos concellos.

O importe total de 1.434.728,98 € a que ascende a anualidade 2004 do POL adicional 1/2004, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2004.

2.- Aprobar os proxectos dos investimentos plurianuais 2004-2005 que se inclúen no POL adicional 1/2004, e que a continuación se relacionan co detalle do seu financiamento por anualidades e agrupados por medidas.

MEDIDA 5.3									
Núm.	Concello	DENOMINACIÓN	Código	ORZAMENTO	FEDER		ACHEGAS NACIONAIS		
Obra				CONTRATA	FEDER-MAP	FEDER-LOCAL	MAP	DEPUT.	CONC.
145	DUMBRÍA	C. SOCIAL-CULT. OLVEIRA PL.	04.2301.0145.0	319.158,32	27.169,95	196.240,88	11.642,90	68.146,67	15.957,92
				05.2300.0145.0	243.334,31	20.715,05	149.618,97	8.876,84	51.956,73
TOTAL				562.492,63	47.885,00	345.859,85	20.519,74	120.103,40	28.124,64
146	IRIXOIA	SAN. EN CHAO DE VIÑA PL.	04.2301.0146.0	177.655,25	15.123,79	109.234,88	6.480,86	37.932,96	8.882,76

			05.2300.0146.0	135.448,82	11.530,76	83.283,42	4.941,17	28.921,03	6.772,44	
TOTAL				313.104,07	26.654,55	192.518,30	11.422,03	66.853,99	15.655,20	
147	MELIDE	SANEAMENTO EN MELIDE PL.	04.2301.0147.0	442.269,87	37.650,43	271.938,47	16.134,00	94.433,48	22.113,49	
			05.2300.0147.0	337.197,64	28.705,64	207.332,71	12.300,97	71.998,44	16.859,88	
TOTAL				779.467,51	66.356,07	479.271,18	28.434,97	166.431,92	38.973,37	
148	S. SADURNIÑO	AMPL. SAN.. SADURNIÑO PL.	04.2301.0148.0	190.967,99	16.257,10	117.420,49	6.966,51	40.775,49	9.548,40	
			05.2300.0148.0	145.598,79	12.394,82	89.524,33	5.311,44	31.088,26	7.279,94	
TOTAL				336.566,78	28.651,92	206.944,82	12.277,95	71.863,75	16.828,34	
149	VIMIANZO	URBZ. CONTORNO E APARC. CENTRO SAÚDE PL.	04.2301.0149.0	81.279,51	6.919,32	49.976,33	2.965,08	17.354,80	4.063,98	
			05.2300.0149.0	61.969,53	5.275,47	38.103,20	2.260,65	13.231,73	3.098,48	
TOTAL				143.249,04	12.194,79	88.079,53	5.225,73	30.586,53	7.162,46	
				2.004	1.211.330,94	103.120,59	744.811,05	44.189,35	258.643,40	60.566,55
				2.005	923.549,09	78.621,74	567.862,63	33.691,07	197.196,19	46.177,46
TOTAL MED.5.3				2.134.880,03	181.742,33	1.312.673,68	77.880,42	455.839,59	106.744,01	

		MEDIDA 3.3								
Núm. Obra	Concello	DENOMINACIÓN	Código	ORZAMENTO CONTRATA	FEDER		ACHEGAS NACIONAIS			
					FEDER-MAP	FEDER-LOCAL	MAP	DEPUT.	CONC.	
150	NARÓN	SANEAM. NO CASTRO 2-F PL.	04.2301.0150.0	44.879,96	4.093,50	29.566,47	1.364,35	7.611,64	2.244,00	
			05.2300.0150.0	34.217,61	3.120,99	22.542,22	1.040,22	5.803,30	1.710,88	
TOTAL				79.097,57	7.214,49	52.108,69	2.404,57	13.414,94	3.954,88	
151	NARÓN	EDAR EN PEDROSO 1-2 F. PL.	04.2301.0151.0	178.518,08	16.282,63	117.605,93	5.426,95	30.276,67	8.925,90	
			05.2300.0151.0	136.078,73	12.411,74	89.647,31	4.136,79	23.078,95	6.803,94	
TOTAL				314.596,81	28.694,37	207.253,24	9.563,74	53.355,62	15.729,84	
				2.004	223.398,04	20.376,13	147.172,40	6.791,30	37.888,31	11.169,90
				2.005	170.296,34	15.532,73	112.189,53	5.177,01	28.882,25	8.514,82
TOTAL MED.3.3				393.694,38	35.908,86	259.361,93	11.968,31	66.770,56	19.684,72	
				2.004	1.434.728,98	123.496,72	891.983,45	50.980,65	296.531,71	71.736,45
				2.005	1.093.845,43	94.154,47	680.052,16	38.868,08	226.078,44	54.692,28
TOTAL				2.528.574,41	217.651,19	1.572.035,61	89.848,73	522.610,15	126.428,73	

3.- No uso das facultades conferidas ao Pleno da Corporación no artigo 155.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, modificar expresamente as porcentaxes anuais fixadas no devandito artigo, de forma que o financiamento de cada anualidade sexa a indicada no apartado anterior.

4.- A deputación comprométese a incluír no orzamento de 2005 as cantidades necesarias para financiar as correspondentes anualidades das obras plurianuais, así como a suplir con fondos propios se foxe necesario, as achegas do resto das administracións cofinanciadoras.

5.- As baixas que se produzan na adxudicación das obras plurianuais citadas anticiparán o financiamento destas, aplicándose polo seu importe total na minoración da derradeira anualidade prevista.

6.- Dispor a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* para os efectos de que durante un prazo de dez días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas.

7.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

8.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir as actuacións.

9.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/97 de administración local de Galicia, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir as actuacións.

10.- Unha vez transcorrido o prazo de 10 días de información e exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o Programa Operativo Local adicional 1/2004."

11.- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE PROXECTOS SINGULARES DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO 2004.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Vista a comunicación recibida do MAP relativa á Resolución do Programa de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano anualidade 2004, no que resultou seleccionado o proxecto denominado "Consortio dixital As Mariñas CODIMA".

1.- Aprobar o Programa de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano anualidade 2004, no que se inclúe o proxecto aprobado polo Consortio As Mariñas denominado "Consortio dixital As Mariñas CODIMA" código

04.2700.0001.0, cun orzamento de 1.051.299,65 euros, cofinanciado entre o MAP e a Deputación, de acordo co seguinte detalle:

MAP	525.649,82
DEPUTACIÓN	525.649,83
TOTAL	1.051.299,65

2.- A contratación e execución da obra realizarase polo Consorcio As Mariñas, de acordo co solicitado por esta entidade promotora da actuación incluída neste Programa, quen a realizará de acordo co establecido no Real Decreto 835/2003 e Orde ministerial do 23 de xaneiro de 2004, así como nos mesmos termos nos que se realiza a contratación e execución do Plan de obras e servizos, o que se concretará a través da circular de contratación que se lle enviará ao Consorcio dende a Presidencia desta deputación.

3.- Para o financiamento desta obra existen as necesarias previsións no orzamento desta deputación para a anualidade 2004.

4.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir as actuacións.

6.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir as actuacións.

7.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/97 de administración local de Galicia, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir as actuacións.

8.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o Programa de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano, anualidade 2004."

**12.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA
"RESTAURACIÓN DA VIVENDA ANEXA AO CENTRO CULTURAL A**

FÁBRICA” DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO POS 2002. CÓDIGO 02.2100.0234.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Visto o proxecto reformado con incremento e demais documentación presentada polo Concello de Oleiros relativa á obra "Rest. da vivenda anexa ao centro cultural A Fábrica" do Concello de Oleiros, incluída no POS 2002 co código: 02.2100.0234.0.

1º.- Aprobar o proxecto reformado da obra "Rest. da vivenda anexa ao centro cultural A Fábrica" do Concello de Oleiros, incluída no POS 2002 co código: 02.2100.0234.0. O proxecto reformado implica un incremento no orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariábeis as achegas da Deputación e do Estado.

02.2100.0234.0		"Rest. da vivenda anexa ao centro cultural A Fábrica"	
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
Deputación f.p.	192.086,59	192.086,59	0
Estado	40.937	40.937	0
Concello	15.684,97	65.368,64	49.683,67
TOTAL	248.708,56	298.392,23	49.683,67

2º.- Dispor a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas

3º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

4º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.

5º.- Remitir o expediente a Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei de administración local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días dende a recepción da solicitude.”

13.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE RÚAS EN CERCEDA” DO CONCELLO DE CERCEDA, INCLUÍDA NO POS 2003. CÓDIGO 03.2100.0117.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "**Pav. de rúas en Cerceda**" do Concello de Cerceda incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2003 (Código: 03.2100.117.0) cun presuposto de contrata de **46.900,00 €** que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade da obra pero modifica parcialmente o obxecto desta polo cambio dunha rúa por outra."

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>F. Propios</u>	<u>Deputación</u> <u>Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
03.2100.0117.0	Cerceda	Pavimentación de rúas en Cerceda	18.985,12	18.370,73	7.199,15	2.345,00	46.900,00

14.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “COLECTOR DE RESIDUAIS ENTRE MACIÑEIRA E MOURELA BAIXA” DO CONCELLO DE NEDA, INCLUÍDA NO POS 2003. CÓDIGO 03.2100.0224.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "**Colector de residuais entre Maciñeira e Mourela Baixa**" do Concello de Neda incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2003 (Código: 03.2100.0224.0) cun presuposto de contrata de **142.563,21 €** que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade da obra pero modifica o trazado desta.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>F. Propios</u>	<u>Deputación</u> <u>Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
03.2100.0224.0	Neda	Colector de residuais entre Maciñeira e Mourela Baixa	45.299,04	55.842,01	21.883,45	19.538,71	142.563,21

15.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA AEROPORTO-LOUREDA” DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN, INCLUÍDA, NO POS 2004. CÓDIGO 04.2100.0054.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "**Pavimentación da estrada aeroporto-Loureda**" do Concello de Boqueixón incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2004 (Código: 04.2100.0054.0) cun presuposto de contrata de 32.669,94 € que non

representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade da obra pero representa cambios internos ao substituír un camiño e o seu presuposto parcial por outros”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
04.2100.0054.0	Boqueixón	Pavimentación estrada aeropuerto-Loureda	26.273,16	4.763,28	1.633,50	32.669,94

16.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “SANEAMENTO A PENA-CARBALLO-LAMELAS” DO CONCELLO DE CABANAS, INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO 04.2100.0063.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Aprobar o proxecto modificado da obra "**Saneamento na Pena- Carballo-Lamelas**" do Concello de Cabanas incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2004 (Código: 04.2100.0063.0) cun presuposto de contrata de **131.534,51 €** que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade da obra pero modifica a localización desta."

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
04.2100.0063.0	Cabanas	San. na Pena- Carballo - Lamelas	55.475,87	46.953,72	19.177,73	9.927,19	131.534,51

17.-CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN FIOBRE” DO CONCELLO DE BERGONDO INCLUÍDA NO POS 2003. CÓDIGO 03.2100.0042.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Corrixir o erro material producido nos datos de financiamento do proxecto reformado con incremento da obra “Construcción de beirarrúas e dotación de servizos en FioBRE” do Concello de Bergondo incluída no POS 2003 co código: 03.2100.0042.0 que foi aprobado por acordo plenario do 26 de marzo de 2004 no senso de que *ONDE DI*:

03.2100.0042.0 Construcción de beirarrúas e dotación de servizos en FioBRE- Concello de Bergondo			
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
<i>Deputación f. propios</i>	533,96	533,96	0
<i>Deputación préstamo</i>	9.432,08	9.432,08	0

Estado	3.692,73	3.692,73	0
Concello	10.407,11	14.884,05	4.476,94
TOTAL	24.065,88	28.542,82	4.476,94

DEBE DICIR:

03.2100.0042.0 Construción de beirarrúas e dotación de servizos en Fiobre- Concello de Bergondo			
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
Deputación f. propios	533,96	533,96	0
Deputación préstamo	9.423,08	9.423,08	0
Estado	3.692,73	3.692,73	0
Concello	10.407,11	14.884,05	4.476,94
TOTAL	24.056,88	28.533,82	4.476,94

18.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NA 1ª RELACIÓN DA ANUALIDADE 2004 DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS 2002/2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“A.- Dar por cumprida a fase de información pública nos expedientes de expropiación que se seguen para executar as seguintes obras incluídas no Programa da 1ª relación da anualidade 2004 do programa de actuación na rede de estradas provinciais 2002/2005:

- 1.- Ampliación e mellora do trazado da E.P. 8001 das Cruces a Penabranca do Pk. 0,000 ao Pk. 0,240
- 2.- Mellora do trazado da E.P. 2904 Coristanco a Santa Comba, Pk. 8,825 ao Pk. 17,600
- 3.- Ampliación e mellora de trazado da E.P.0810 de Guiliade a Guisamo do Pk. 4.260 ao Pk. 4.860
- 4.- Ensanche e modificación da E.P. 5401 Narón ao Val por Castro (travesía de Xubia á Estrada de Valdoviño) do Pk. 0,000 ao Pk. 2,480
- 5.- Ampliación da plataforma e mellora do trazado da E.P. 2404 Laracha á Silva por Golmar pk. 0,000 ao pk. 5,900
- 6.- Ampliación e mellora do trazado da E.P. 1703 do Espírito Santo a Fraís do Pk. 1,440 ao Pk. 2,440

B.- Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por presentar cuestións que deberán

dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación; a excepción do punto 1 que non se presentaron alegacións.

C.- Ratificar a solicitude da declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc. co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

MOCIÓNS

Sr. presidente

Hai dúas mocións presentadas, que fan referencia ao mesmo tema, parécelles ben que agrupemos o debate das dúas e as votemos separadamente? Ben, non hai ningún problema. Declaramos a urxencia das dúas mocións?.

Por unanimidade apróbase a urxencia das mocións.

Sr. presidente

Como temos que proceder por orde de presentación, e a primeira foi a do Grupo Popular, ten a palabra o Sr. Cendán para presentar a moción do Grupo Popular.

Sr. Cendán Fernández

Nós presentamos esta moción despois dos acontecementos que lle veñen pasando a Ferrol e a súa bisbarra, e dicir que por parte do Partido Socialista e do Bloque se presentou unha proposición de resolución sobre o tema de ratificación do 28 de maio. Dicir que nós coincidimos ao cen por cento na declaración, o que nós a maiores, -por iso insistimos na presentación-, queremos é que despois dunha experiencia como a do ano 82, 83, coa reconversión en Ferrol, por parte dos alcaldes, non soamente da bisbarra de Ferrol, senón os alcaldes que están afectados, pois entendemos que non podemos deixar aos sindicatos sós na loita, porque os sindicatos ao final, cando as negociacións comecen a ser duras, o que se vai defender van ser os postos de traballo e as xubilacións anticipadas. Cremos e entendemos que por parte dos alcaldes que temos responsabilidade, que representamos a todos os sectores da sociedade, e por iso nós na proposta de resolución dos Grupos Socialista e Nacionalista

entendíamos que os alcaldes, neste caso a adhesión ao Manifesto dos alcaldes que están integrados polo Concello de Cádiz, Cartaxena, Manises, Sestao, Porto Real, San Fernando, Fene, Madrid e Ferrol, que debiamos apoialos, e que esta é unha cámara de representación, a maioría somos alcaldes, partimos da Administración local, e cremos que temos que defender isto e apoiar estas situacións porque, ben, despois da experiencia que tivemos na bisbarra de Ferrol de perder 11.000 postos de traballo, deixar aos sindicatos sós, eu penso que aquí todos os sectores da sociedade temos que apoiar porque os que temos experiencia neste tema sabemos que temos que defender isto porque non é soamente mandar á xente para a casa con 52 anos, porque a maioría dos traballadores de Astano, do antigo Astano, van saír ben porque van saír co cen por cento practicamente, pero temos un sector, que é o sector das compañías auxiliares, que son 3.000 en Ferrol, que están agora mesmo no paro.

Creo que, con responsabilidade por parte dos alcaldes, que temos que apoiar todo isto, alí na bisbarra de Ferrol non soamente estamos os alcaldes, senón todo o mundo, está a Asociación de Empresarios, e creo que nós desde o grupo provincial, entendemos que os manifestos dos alcaldes débense apoiar, que é un sector máis, e cremos que temos que apoiar isto desde aquí. Por iso a diferenza, que nós coincidimos, e imos votar favorablemente á resolución que presentan vostedes, o equipo de goberno, pero que nós queremos a maiores que quede representado aquí o Manifesto dos alcaldes, non soamente de toda España, senón da bisbarra de Ferrol, que estamos a loitar por iso. Creo que está todo dito, entendemos todo; tamén estamos de acordo co Manifesto que aprobamos o 28 de maio, e que creo que por parte do grupo provincial do PP non temos nada que dicir.

Sr. presidente

Como admitimos a tramitación simultánea das dúas mocións, queren intervir neste punto o Sr. Bello, representando ao Partido Nacionalista Galego e o Sr. Lagares representando ao Partido Socialista. Aproveiten esta quenda para dicir o que queiran da moción que se presentou e presentar a súa, e entón abriremos unha quenda de réplica por se alguén quere facer uso dela, e entón votariamos as dúas mocións separadamente. Ten a palabra o Sr. Bello.

Sr. Bello Costa

É certo que o pasado día 28 de maio este Pleno da Deputación acordou por unanimidade dos seus grupos políticos unha Declaración institucional en defensa do sector público naval galego, e en defensa tamén dunha bisbarra tan castigada como é a bisbarra de Ferrolterra.

O sector naval é para esta bisbarra un pilar fundamental da súa economía, a industria da construción naval civil e militar e de reparacións dos estaleiros que anteriormente levaban o nome de Astano e de Bazán, hoxe integrados no grupo Izar, o grupo Izar, o noveno grupo mundial, está pasando por unha nova situación crítica que afecta non só ao cadro de persoal dos estaleiros, uns 3.700 traballadores e traballadoras, senón tamén a uns 2.800 traballadores e traballadoras das compañías auxiliares.

Todos sabemos que desde o ano 80 estamos vivindo na bisbarra de Ferrolterra, Eume e Ortegal, un proceso de desmembramento do seu tecido empresarial, chegue para ilustrar esta aseveración algúns pequenos datos que polo seu significado e transcendencia xa se entenderán como fundamentais neste posicionamento político do Bloque Nacionalista Galego. A reconversión naval dos anos 80 provocou a perda de 16.701 postos de traballo directos en 16 centros; en dous deles, en concreto os galegos de Ferrol e Fene, desaparecieron 5.313 empregos, é dicir, unha terceira parte do total. Houbo indubidabelmente pouco éxito na reindustrialización, podemos dicir mesmo que un fracaso daquelas medidas impulsadas a través da zona de urxente reindustrialización e da zona industrial en declive. Tamén podemos facer referencia á perda nesta última década de poboación destas bisbarras, que minguou en 10.723 habitantes en valores absolutos. Podemos falar tamén de que se descenderon 2,72 puntos, é dicir, dun 25,28% de poboación ocupada en 1993, que chega agora unicamente a un 22,56%, e ademais a bisbarra de Ferrol rexistra a taxa de paro máis alta da provincia.

Por iso esta Corporación provincial, os seus grupos políticos, cónstame que están preocupados por un presente e polo futuro, polo futuro industrial desta bisbarra, que é punteira, que é un compendio da construción naval mundial, que é o referente universal do noso país á hora da construción naval, xa que logo, calquera medida, -e así o sinalabamos na Declaración institucional do 28 de maio-, que vaia en contra da situación actual é unha medida lesiva e prexudicial. Por iso dicíamos que había que manter todos os centros de Izar, que hai que consolidar, se é posíbel tratar de incrementar, a capacidade de produción asignada ao Estado español e cifrado en 191.500 toneladas, que hai que intensificar a actividade comercial para conseguir contratos que doten os estaleiros de carga de traballo, permitir -e iso é unha decisión de carácter político- que Izar-Fene constrúa barcos eliminando as prohibicións actuais, modificar a estrutura organizativa de Izar, de forma que se conformen complexos integrais da construción naval a escala territorial concretamente entre as dúas factorías da Ría de Ferrol, e que se fomente por parte do grupo Izar unha coordinación estábel e permanente coa industria auxiliar do sector.

Sr. presidente, Sres. compañeiros e compañeiras de Corporación, esta Declaración institucional subscrita o pasado 28 de maio segue viva en todos os seus termos, por iso é preciso presentala aquí para ratificala neste momento, e dado o

carácter estratéxico que o sector naval ten no tecido económico da bisbarra de Ferrolterra, esta deputación entende que é imprescindible o afortalamiento de tal sector produtivo, o mantemento dos postos de traballo e do nivel de actividade nos actuais centros produtivos no marco do actual proceso de negociación entre as centrais sindicais e a SEPI.

E por suposto, para dar un salto máis de achegamento a todos os traballadores e traballadoras, e en relación co que dixo o Sr. Cendán como voceiro do grupo popular, aquí en ningún momento se van deixar soas ás centrais sindicais. Eu, por suposto, recordo que no mes de marzo estiven en Madrid, como vicepresidente da Deputación, mobilizado con todos os traballadores do grupo Izar, diante da Sociedade Estatal de Participación Industrial, da SEPI, que por certo presidía outro responsábel político, tamén da Administración, don Manuel Ruiz Jarabo, e alí estabamos a demandar precisamente un plan de viabilidade para os nosos estaleiros. E por certo, outra cousa tamén fundamental, que era a retirada das sancións económicas aos membros dos Comités de Empresa de Izar, que estaban sancionados por decisión da SEPI. Polo tanto, en ningún momento se abandonou, nin a título particular ou persoal dos corporativos do goberno provincial, e tampouco como institución, xa que estivemos presentes en todas as mobilizacións.

E por iso é moi importante que esta Corporación provincial exprese o seu apoio á mobilización social que vai ter lugar o domingo, día 26 de setembro, en Ferrol, pola defensa do sector naval público e polo futuro da bisbarra.

O Manifesto asinado polos alcaldes e alcaldesas que se xuntaron en Ferrol o pasado día 15 é un documento subscrito por responsábeis municipais de concellos afectados, que ten valor porque está subscrito por persoas significadas e cualificadas dentro das corporacións, pero non entendemos -e hai que velo pormenorizadamente- que ese manifesto sexa verdadeiramente unha solución favorábel para o sector naval público galego, porque eu creo, Sr. Cendán, e lea vostede ben ese documento, e verá que se está a sinalar, por exemplo, algunhas das cuestións que nós non podemos avalar desde a deputación, como que a industria militar, non a de Ferrol senón por exemplo a de Porto Real, se faga cargo da construción do buque xemelgo do “Patiño”, ese denominado “megabuque”, que estaba prometido que se construíse nos diques da nosa industria naval ferrolá, e que porén aquí se abre unha porta para que se vaia ao sur. E por suposto, aquí non estamos a facer problemas de territorialidade; estamos unicamente, como Deputación provincial, como institución defensora dos intereses galegos, de defender o sector naval público instalado, situado, na Ría de Ferrol.

Polo tanto, esta declaración, esta proposta de resolución dos Grupos Nacionalista e Socialista encaixa perfectamente co momento de demandar, xa digo, que non se ceda politicamente, e que polo tanto non se tome ningunha medida que conleve desaparición de postos de traballo ou peche de ningún dos centros do grupo Izar, pero tampouco o que imos facer é caer en contradicións ou incoherencias, porque

esta institución provincial, cando vota, ten que votar verdadeiramente o que está recollido nos intereses provinciais. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Lagares Pérez

É evidente que esta institución provincial desde o mes de xaneiro, e desde o mes de maio, apoiou a través de declaracións institucionais distintos procesos que sucederon e se están a suceder en Izar-Fene.

Quero dicir que a problemática do sector naval público galego é algo que esta institución, repito, xa apoiou. E é indubidábel que esta institución considera que non só os sindicatos, como movemento social, como movemento reivindicativo, deben de levar a plataforma de defensa deste sector importante para Ferrolterra desde o punto de vista socioeconómico; teñen que ser os empresarios, teñen que ser as institucións, teñen que ser organizacións de todo tipo, os que apoien este sector que indubidabelmente entra nunha crise motivada por distintos aspectos de falta de políticas comerciais e industriais que nos últimos tempos foron inadecuadas. E digo que non debemos deixalos sós pero que esta institución provincial ten a súa propia autonomía e ten as súas propias declaracións.

Vén de citarse aquí a importancia dun Manifesto, pero un manifesto que lendo, como dicía o Sr. Bello, pormenorizadamente, igual nos atopamos con distintas contradicións que o Grupo Socialista, despois de analízalo, non pode valorar de forma favorábel.

Entendemos que a crise de Ferrolterra, iniciada alá polos anos 80, pola reconversión industrial, que non samente afecta a España senón a toda a Unión Europea, debido á competitividade desleal dos distintos estaleiros asiáticos, fundamentalmente de Corea, Xapón e parte de China, trae consigo a remodelación e a perda de moitos postos de traballo. Neste momento o grupo socialista entende que é necesario reforzar esta declaración institucional, esta declaración institucional onde se falaba de fórmulas, non máxicas, senón realistas, para continuar coa actividade de Izar-Fene e Izar-Ferrol. E isto recóllese plena e integramente no documento que, non vou ler con detalle pero si quero destacar algún dos aspectos importantes, como son a necesidade de que se constitúan non samente buques mercantes ou buques militares, senón plataformas petrolíferas, artefactos *off-shore*, que houbo algunha licitación recentemente, e que se faga reparación e conservación, tanto de embarcacións civís como de embarcacións militares. Nesa mesma declaración institucional dicíase que había que manter os postos de traballo e que había que manter a actividade produtiva nos centros de Izar. E iso é a proposta, o núcleo global desta proposta, que o Grupo Socialista apoia neste pleno, e que convidamos, previamente a esta sesión, ao Grupo Popular a que se unise a esta resolución, proposta, que imos votar nesta cámara.

Polo tanto, entendemos que hai tres aspectos fundamentais que se recollen nesta proposta, que son: primeiro, ratificar a resolución do 28 de maio, que subscribiu esta cámara polos voceiros dos tres grupos, e apoiada por unanimidade na Corporación; en segundo lugar, e que vén a ser o importante, o mantemento dos postos de traballo e do nivel de actividade produtiva nas distintas facetas, algunhas das cales resumín; e que se manteñan, que sigan as negociacións das centrais sindicais coa SEPI para chegar a acordos claros, concretos e resolutivos de cara ao desenvolvemento da bisbarra de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

E xa por último, expresar o noso apoio á mobilización que vai ter lugar o próximo día 26 de setembro pola defensa do sector naval público e polo futuro da bisbarra antes indicada.

Desde o Grupo Socialista volvemos reiterar o convite ao Grupo Popular de que se sume a esta proposta, e entendemos que estamos todos no mesmo barco, que debemos de empurrar polo mesmo, e debemos de evitar que este barco se afunda. Grazas, Sr. presidente.

Sr. Cendán Fernández

Eu quería contestar un pouco, coincidir tamén, que xa o dixen eu na miña intervención, que coincidimos ao cen por cento na resolución e no Manifesto do 28; o que non entendemos é que nós o que estamos a pedir aquí, que é unha novidade que vén coa nova crise que concirne ao sector naval, unha nova experiencia e, como digo eu, e como entendemos todos, é que a Deputación é o “concello dos concellos”, no manifesto, a nivel nacional, están dous concellos da bisbarra de Ferrol, e temos unha coordinadora e temos a mancomunidade de municipios, que coincidimos -aínda que somos de distintos partidos- coindimos neste apoio, e estamos á fronte de todo isto, coincidindo con sindicatos, que tivemos representación con sindicatos e tivemos debate con eles, e non imos aquí a pormenorizar, porque sempre hai diferenzas entre uns e outros, entre os mesmos sindicatos, pero eu creo que a novidade desta loita é que se metan a administración local, os concellos.

O que defendemos desde o grupo provincial é a defensa destes dous Concellos, como é Ferrol e Fene, a nivel nacional, e a defensa da bisbarra de Ferrol dos seus concellos da mancomunidade. Nós o único que pedimos é iso, un cuarto punto, a defensa, a adhesión ao manifesto aprobado o 15 de setembro en Ferrol na Comisión municipal de defensa do sector naval, e ademais o Manifesto que se fixo por parte do Concello de Ferrol, que é o que apoia, coincide textualmente, aprobado por todos os grupos municipais do Concello de Ferrol, que coincidimos a mancomunidade de municipios e os sindicatos, e o único que estamos a pedir é o apoio ese a estes dous. Penso que coincidimos, e non imos entrar en debate, penso que coincidimos ao cen por cento en todo. Pero a maiores, e a novidade que hai nesta nova loita é a presenza dos concellos, que é fundamental hoxe en toda a vida política, e penso que é fundamental

que os alcaldes representan ao sector industrial, ao sector empresarial, a todo o mundo, eu penso que os concellos temos algo que dicir e algo que facer sobre este tema, non?. É a novidade, e o único que pedimos desde o grupo provincial é que se incorporen estes manifestos a nivel nacional e a nivel comarcal, como é a mancomunidade de municipios da Ría de Ferrol.

Imos votar, xa o dixen antes, a favor do manifesto do Grupo Nacionalista e Socialista e imos apoiar o que presentamos nós tamén.

A continuación vótase a moción presentada polo Partido Popular

VOTACIÓN

Votan a favor:	13 deputados (PP)
Votan en contra:	16 deputados (11- PSOE e 5-BNG)
Abstéñense:	Ningún.

Non se aproba a moción.

Vótase a moción presentada polo grupo de goberno, que se aproba por unanimidade.

MOCIÓN SOBRE O GRUPO IZAR

“1º)Ratificar en todos os seus termos a Declaración Institucional sobre o Grupo Izar, que foi subscriba polos grupos políticos desta Corporación Provincial o pasado 28 de maio.

2º)Dado o carácter estratéxico que o sector naval ten no tecido económico da comarca de Ferrolterra, esta Deputación entende que é imprescindible o afortalamiento de tal sector produtivo, o mantemento dos postos de traballo e do nivel de actividade dos actuais centros produtivos no marco do actual proceso de negociación entre as centrais sindicais e a SEPI.

3º)Esta Corporación Provincial expresa o seu apoio á mobilización social que terá lugar en Ferrol o domingo 26 de setembro, pola defensa do sector naval público e polo futuro da comarca.”

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as dezaioito horas e corenta minutos, procedéndose a redacta-la actae autorizándose a súa transcripción que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.